

Hoxe reuniuse o grupo de traballo de Muface para negociar o novo **Plan de Acción Social de MUFACE para o ano 2026**. A Administración presentou unha proposta moi similar á do ano pasado. Para este ano, o orzamento total de 155.740,00 euros. Este importe distribúese nas seguintes grandes liñas:

- Axudas Sanitarias: 65.840,00 €.
- Axudas Familiares e Sociais: 56.800,00 € (coidado e estudos das fillas e dos fillos, descendencia a cargo con discapacidade, e natalidade/adopción/acollemento).
- Axudas para o Benestar e Promoción da Saúde: 17.000,00 € (mobilidade sustentable, axuda MUSA para psicoterapia/fisioterapia/nutrición e gastos extraordinarios).
- Axudas para a Formación e Promoción: 14.100,00 € (estudos propios e preparación de oposicións).
- Axudas de Carácter Excepcional: 2.000,00 € (axudas excepcionais e subsidio por defunción).

Establécese un límite de solicitude dun máximo de catro axudas e o importe máximo global a percibir por cada persoa empregada pública será de **1.000,00 euros** polo conxunto das prestacións.

Algunhas axudas adxudícanse mediante un baremo de ingresos da unidade familiar (como as axudas por estudos ou próteses), pero outras establécense como un "sistema especial sen baremo" (como a natalidade, as persoas menores a cargo, ou o subsidio por defunción).

AS PROPOSTAS DA CIG NA REUNIÓN

Considerando que os fondos destinados á Acción Social teñen unha natureza estritamente solidaria e proveñen dunha dotación orzamentaria limitada e moi pequena, desde a CIG fixemos as seguintes propostas para modificar o texto:

1. **Que TODAS as axudas sexan adxudicadas con baremo:** Non estamos de acordo con que haxa axudas exentas do criterio de renda. Un gasto de 200 € non lle supón o mesmo esforzo a alquén que gaña 30.000 euros ao ano que a quen cobra 50.000€. Defendemos que a totalidade das axudas teñen que someterse a baremo para garantir a equidade.
2. **Priorización do ensino público e concertado:** Solicitamos que en todas as axudas por estudos se priorice subvencionar aqueles realizados en centros

públicos e concertados. Dado que o orzamento é limitado, queremos que o diñeiro chegue **a quen de verdade lle supón un esforzo** pagar a educación. Entendemos que calquera persoa que elixa e poida pagar un centro 100% privado ten unha situación económica que non require deste fondo de axuda solidaria.

Tras expor as nosas reivindicacións e debater os diferentes puntos, **o resultado final da reunión foi que a Administración vai revisar a súa proposta inicial para ver se pode encaixar os cambios que propuxo a CIG.**

Nuns días achegarán o texto definitivo do Plan de Acción Social 2026. Informaremos en canto teñamos o texto definitivo.

[1] [Administración Estatal](#)

[2] <https://www.instagram.com/cigadmon/>

[3] <https://www.facebook.com/share/17u2MoxmfB/>

[4] [CIG Administración Pública - YouTube](#)